

## PLAN EXTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE AMES

### PERÍODO 2023-2025

#### PREÁMBULO

O artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, ten carácter básico, polo que todos os Concellos que pretendan outorgar subvencións deben aprobar o seu correspondente Plan Estratéxico de Subvencións.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, supón un paso máis no proceso de perfeccionamento e racionalización do sistema económico. Un dos principios que rexe a Lei é o da transparencia que, xunto coa gran variedade de instrumentos que se articulan na Lei, redunda de forma directa nun incremento dos niveis de eficacia e eficiencia na xestión do gasto público subvencional.

Neste sentido, unha maior información acerca das subvencións fará posible eliminar as distorsións e interferencias que puidesen afectar o mercado, ademais de facilitar a complementariedade e coherencia das actuacións das distintas Administracións Públicas evitando calquera tipo de solapamento.

Para mellorar a eficacia, a lexislación vixente establece que se proceda a elaborar un Plan Estratéxico de Subvencións, de carácter plurianual e con carácter previo ao nacemento das subvencións ou os convenios de colaboración que a Corporación poida celebrar.

Por todo o exposto o Concello aproba o Plan Estratéxico de Subvencións para o período 2023-2025, atendendo ao informe de seguimento do anterior plan (2020-2022) e cuxo articulado figura a continuación.

#### CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

##### ARTIGO 1.

O establecemento de subvencións por este Concello durante o período 2023-2025 axustarase ao previsto no presente Plan, tal e como se establece no art. 11.4 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

Non obstante o anterior, o presente plan poderá verse modificado anualmente para a inclusión ou exclusión de liñas de subvención en función das necesidades que se xeren o municipio.

#### ARTIGO 2.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirirá a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das bases reguladoras da súa concesión.

#### ARTIGO 3.

O establecemento de subvencións queda supeditado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que as consignacións orzamentarias que se aproben e as bases reguladoras e/ou convocatorias da súa concesión acomodaranse en cada momento aos devanditos obxectivos.

#### ARTIGO 4.

O Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Ames ten carácter programático e a súa aprobación non supón a xeración de dereito algún en favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non leve á práctica nos seus propios termos, polo tanto a súa efectividade queda supeditada á posta en práctica das diferentes liñas de subvención, atendendo entre outros condicionantes ás disponibilidades orzamentarias de cada exercicio.

### CAPÍTULO II. PRINCIPIOS XERAIS DO PLAN

#### ARTIGO 6.

Son principios xerais deste Plan os seguintes:

- Publicidade e libre concorrència mediante convocatoria previa na que se garanta a obxectividade, transparencia, publicidade e concorrència e igualdade na distribución de fondos públicos, iso sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar coa debida consignación orzamentaria previa.
- Concesión conforme a criterios obxectivos previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos polos potenciais beneficiarios.

- Eficacia no cumprimento dos obxectivos marcadas e eficiencia na asignación de recursos públicos, debéndose xustificar cuantitativa e cualitativamente.
- Control e análise da adecuación dos fins das entidades solicitantes aos principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

#### ARTIGO 7.

Unicamente caberá prescindir do procedemento ordinario de concesión de subvencións, que será o de concorrencia competitiva, nos seguintes casos:

- As previstas nominativamente no Orzamento Xeral da Entidade.  
Nas bases de execución do orzamento indicaranse as subvencións deste tipo, que se formalizarán mediante Convenio no que se determinará a forma de pago e a xustificación da subvención.
- Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia Normativa.
- Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

### CAPÍTULO III. BENEFICIARIOS E MATERIAS NAS QUE SE ESTABLECERÁN SUBVENCIONES

#### ARTIGO 8.

O Concello concederá subvencións a favor de persoas, asociacións ou Entidades privadas coa finalidade de fomentar a realización de actividades de utilidade pública ou interese social ou para promover a consecución de fins públicos atribuídos á competencia local.

#### ARTIGO 9.

O Concello establecerá anualmente subvencións nas materias que se indican no Anexo ao presente Plan, que contén para cada unha das subvencións previstas:

1. os obxectivos que se pretenden alcanzar
2. a modalidade de concesión aplicable
3. os destinatarios aos que van dirixidas
4. importe económico

### CAPÍTULO III. CONTROL E AVALIACIÓN DO PLAN

#### ARTIGO 10.

O control financeiro dos programas subvencionados está encomendado á Intervención Xeral, que respecto diso analizará as datas reais de pago dos importes subvencionados con relación ás datas previstas en cada expediente, así como os medios de pago utilizados e a correcta xustificación dos extremos requiridos a cada beneficiario para a obtención da subvención.

A Intervención Municipal poderá elaborar os modelos de xustificación de subvencións que faciliten a fiscalización das mesmas.

#### ARTIGO 11.

Este Plan Estratégico de Subvencións 2023-2025 entrará en vigor unha vez aprobado polo Pleno da Corporación e publicarse para o seu xeral coñecemento na Páxina web do concello de Ames.

Finalizada a vixencia do Plan, e antes da elaboración do seguinte, os responsables dos departamentos promotores das diferentes liñas de subvención deberán presentar ante o órgano concedente das subvencións unha memoria na que se contemple, polo menos, o grao de cumprimento do Plan, a eficacia e eficiencia do outorgamento de subvencións na consecución dos obxectivos e efectos pretendidos e conclusións, con proposta de suxestións para a elaboración do seguinte Plan Estratégico de Subvencións.

ANEXO I

ANEXO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIÓNS DO CONCELLO DE AMES. PERÍODO 2023-2025

SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	FUNC.	ECON.	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
Axudas a agrupación de voluntarios de Protección civil de Ames para gastos de funcionamento ordinario	Contribuir ao mantemento da agrupación de voluntarios de protección civil constituída no concello de Ames. Fomentando as labores de apoio a outros corpos de socorro e seguridade e as tarefas de protección civil dentro do concello de Ames.	Fomentar a colaboración desinteresada en tarefas de protección civil dentro desta concello	Agrupación voluntarios Protección Civil de Ames	2023 2025	12.000,00	12.000,00	12.000,00	135	48920	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio	
					5.000,00	5.000,00	5.000,00	135	78000			
<b>TOTAL</b>					<b>17.000,00</b>	<b>17.000,00</b>	<b>17.000,00</b>					

SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS E PROMOCIÓN SOCIAL.

LIÑA DE SUBVENCIÓNS	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	FUNCIONAL	FINANCIACION	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións	
Axudas de emerxencia social - Renda social Municipal	Os servizos sociais municipais dentro do seu marco de competencias pretende apoiar, entre outros, a aqueles sectores da poboación	Preténdese chegar a aquelas familias ou persoas con maiores necesidades económicas favorecendo a súa integración	Persoas individuais ou unidades familiares que carezan de medios económicos e nas que concorran factores de risco	2023 2025	100.000,00	100.000,00	100.000,00	2311	48001	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	O importe diminúe con respecto ao Plan Estratéxico do período anterior, debido á implantación da Renta Mínima Vital .

LIÑA DE SUBVENCIÓNS	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025		FUNCIONAL	FINANCIACION	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
	mais desfavorecidos. As axudas teñen o seu encaixe na Ordenanza de emerxencia social municipal do Concello de Ames. Así mesmo establécese unha liña de axudas denominada "Renda Social Municipal" destinada a paliar situacións temporais de necesidade e garantir uns recursos mínimos de subsistencia aos veciños e as veciñas de Ames	social.	de exclusión social e precisen dunha axuda para satisfacer as súas necesidades básicas, sempre como un apoio á intervención social.	2023-2025	100.000,00	100.000,00	100.000,00	2311	48902	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Subvencións para actividades de promoción social	Fomentar e promover o desenvolvemento de proxectos que complementen as competencias e actividades municipais desenvoltas pola concellaría de Servizos Sociais e Igualdade	Preténdese fomentar este tipo de asociacionismo no Concello de Ames para que as políticas sociais e de igualdade desenvoltas polo concello cheguen ao maior número de poboación	Asociacións de carácter social e/ou asistencial do concello de Ames	2023-2025	60.000,00	60.000,00	60.000,00	2312	48012	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenca competitiva	
Subvención Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	Desenvolver o programa Vacacións en Paz	Fomentar no concello de Ames solidariedade e cooperación das familias Amienses cos nenos e nenas saharauís	Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí	2023-2025	8.400,00	8.400,00	8.400,00	2312	48020	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio	

LIÑA DE SUBVENCIÓNS	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	FUNCIONAL	FINANCIACION	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	Cooperación interencional a través do proxecto desenvolto polo Fondo Galego de Cooperación e solidariedade na mellora das instalacións do Centro de Menores Esperanza, localizado no Barrio de Inguide, Distrito Municipal da Katembe- Cidade de Maputo	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Contribuír á sustentabilidade do Centro para garantir os dereitos de alimentación, saúde e educación das nenas e nenos usuarios</li> <li>• Garantir a formación das nenas e nenos en actividades agropecuarias, para que, unha vez cumprida a idade en que deben abandonalo (16 anos) e teñan que ser acollidos polas súas familias ou comunidades, teñan ferramentas suficientes para levar unha vida digna.</li> </ul>	Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	2023	1.500,00			2312	48021	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio
<b>TOTAL</b>					<b>269.900,00</b>	<b>268.400,00</b>	<b>268.400,00</b>				

### SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE EDUCACIÓN

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	FUNCIONAL	ECONÓMICA	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
Subvención axudas libros	A colaboración financeira na compra dos libros de texto e demais material didáctico precisos para o normal desenvolvemento da actividade académica.	Propiciar que a poboación escolar integrada en familias con menos recursos dispoña do material educativo preciso para o normal desenvolvemento da súa aprendizaxe, centrando o	Pais e nais -ou titores legais-dos nenos e nenas matriculados no curso escolar nun centro de ensino sostido con fondos públicos, no nivel de Educación Infantil	2023 2025	7.500,00	7.500,00	7.500,00	3261	48004	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	En 2023 convocatoria curso escolar 2022-2023

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	FUNCIONAL	ECONÓMICA	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
		esforzo orzamentario na educación infantil, por ser esta a franxa de idade non cuberta pola Xunta de Galicia.										
SubVENCIÓN ANPAS	A colaboración financeira en actividades extra escolares e saídas didácticas de contido, cultural, artístico de ocio e tempo libre e de reforzo educativo organizadas polas ANPAS	Enriquecer a formación da poboación escolar do Concello de Ames, a través de actividades complementarias á formación regrada que reciben nos centros educativos. Promover a convivencia da poboación escolar fóra do ámbito puramente académico. Propiciar a mellora do rendemento por parte dos alumnos.	ANPAS existentes nos centros educativos de titularidade pública do Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións	2023-2025	40.000,00	40.000,00	40.000,00	3261	48903	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenza competitiva	
<b>TOTAL</b>					<b>47.500,00</b>	<b>47.500,00</b>	<b>47.500,00</b>					

#### SUBVENCIÓN EN MATERIAL DE PROMOCIÓN CULTURAL

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
SubVENCIÓN Entidades culturais e sociais	Achegar a cultura ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin.	A existencia dunha vida cultural estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades do ámbito privado, e na	Asociacións culturais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2023-2025	30.000,00	30.000,00	30.000,00	3341	48914	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concorrenza competitiva	



LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
		que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.										
Subvencións Festas populares	Promover a participación activa da veciñanza nas festas, como medio de propiciar a convivencia entre os veciños, preservando as tradicións existentes nas distintas parroquias do Concello, transmitidas a través dos festexos populares.	A existencia dunha programación festiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas comisións de festas de cada parroquia, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento. A difusión da imaxe de Ames a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización de cada unha das parroquias en que se celebren festas,	Asociacións culturais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2023-2025	25.000,00	25.000,00	25.000,00	3341	48916	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
		así como de atracción de visitantes de cara aos vindeiros exercicios.										
Premios de bibliotecas	Promover a animación á lectura entre os veciños de Ames	Conseguir a participación de veciños de Ames de todas as idades na actividade das Bibliotecas municipais, animando á lectura	Persoas de todas as idades	2023-2025	1.000,00	1.000,00	1.000,00	3321	48101	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrenencia competitiva	
Premios entroido	Promover a participación dos habitantes do concello na programación cultural	A difusión da imaxe de Ames e da súa programación cultural a través da súa oferta festiva, de xeito que esta sirva como elemento de dinamización, así como de atracción de visitantes de cara aos vindeiros exercicios.	Persoas, asociacións, comunidades, colexios etc de Ames e de fora do Concello	2023-2025	8.250,00	8.250,00	8.250,00	338	48102	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrenencia competitiva	
<b>TOTAL</b>					<b>64.250,00</b>	<b>64.250,00</b>	<b>64.250,00</b>					

#### SUBVENCIÓN EN MATERIAL DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
Premios certame literario	Promover o uso do galego entre os habitantes do concello de Ames	Conseguir a participación activa de certos colectivos nas actividades de normalización lingüística organizadas polo concello	Pesoas que presente textos inéditos escritos en lingua galega	2023-2025	3.800,00	3.800,00	3.800,00	3343	48104	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrenencia competitiva	
Premios dinamización da lingua no	Promover o uso do galego entre os	Conseguir a participación activa de certos	Empresas, autónomos e profesionais que	2023-2025	3.000,00	3.000,00	3.000,00	3343	48105	Fondos propios con cargo á funcional	Concurrenencia competitiva	

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFEKTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
sector económico	habitantes do concello de Ames concretamente no sector económico	colectivos nas actividades de normalización lingüística organizadas polo concello	teñan o seu centro de actividade no do concello de Ames							senalada		
Premios Galetictokers	Promover o uso do galego entre a mocidade empregando as novas tecnoloxías	O certame pretende estimular a creatividade entre a mocidade, animar a creación de vídeos en galego con novos formatos e temáticas e darlle visibilidade á comunidade galega de tiktokers.	Mozas e mozos a partir de 13 anos.	2023 2025	1.800,00	1.800,00	1.800,00	3343	48106			
<b>TOTAL</b>					<b>8.600,00</b>	<b>8.600,00</b>	<b>8.600,00</b>					

**SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE DEPORTES**

LINEA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFEKTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACION	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
Subvención entidades deportivas	Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos , autofinanciamento das entidades, complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría	Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolvida polas entidades	Asociacións e clubs deportivos existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2023-2025	80.000,00	80.000,00	80.000,00	341	48910	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrenncia competitiva	En 2023 convocatoria gastos 2022

		do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.										
Subvención Bertamiráns Clube de Fútbol	Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos , autofinanciamento das entidades, complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría	Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Bertamiráns Clube de Fútbol	2023-2025	28.000,00	28.000,00	28.000,00	341	48925	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio	

Subvención Milladoiro S.D	Promover a participación da veciñanza na vida das entidades deportivas, ao primar o número de socios activos , autofinanciamento das entidades, complementariedade das asociacións cos obxectivos perseguidos pola Concellaría	Achegar o deporte ao maior número posible de individuos, empregando os colectivos como instrumento para acadar este fin. A existencia dunha vida deportiva estable dentro do ámbito territorial do Concello de Ames, programada e desenvolta polas entidades do ámbito privado, e na que a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades que se van desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.	Milladoiro S.D	2023-2025	13.000,00	13.000,00	13.000,00	341	48926	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Nominativa- Convenio
				TOTAL	121.000,00	121.000,00	121.000,00				

**SUBVENCIÓN EN MATERIA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E FOMENTO DO EMPREGO**

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
Premios concurso de escaparatismo	Promover a participación dos comerciantes de Ames ,en distintos programas e eventos relacionados co comercio	Achegar ao comercio amiense o maior número posible de clientes, difundido a actividade	Comerciantes e profesionais, do Concello de Ames	2023-2025	4.000,00	4.000,00	4.000,00	4314	47902	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
		comercial do Concello e premiando o esforzo dos comerciantes na promoción da actividade comercial										
Premios Nadal Veciñal	O obxectivo principal deste concurso é a decoración, con iluminación e motivos de Nadal, das distintas fachadas, balcóns e fiestras e xardíns das vivendas unifamiliares do Concello de Ames para contribuir a promoción do comercio	Incentivar o consumo no comercio local durante a campaña de nadal	os propietarios ou arrendatarios de vivendas unifamiliares maiores de idade que estean ubicadas no termo municipal de Ames, no seu ámbito rural e urbano, e nas que as persoas participantes estean empadroadas.	2023-2025	2.000,00	2.000,00	2.000,00	4314	47902	Fondos propios con cargo á funcional sinalada		
Subvención fomento Comercio Local	Primar actividades abertas á participación do comercio en xeral, e non só aos membros de cada un dos solicitantes. Acadar o autofinanciamento das entidades	Achegar ao comercio amiense o maior número posible de clientes, empregando para elo os colectivos como instrumento para acadar este fin. Mellorar a calidade da actividade comercial do Concello. A existencia dunha actividade estable de promoción e mellora do comercio dentro do ámbito territorial do Concello, programada e desenvolva polas entidades asociativas do sector, e na que	Asociacións de comerciantes e profesionais existentes no Concello de Ames, legalmente constituídas, e que figuren inscritas no rexistro municipal de asociacións	2023-2025	40.000,00	40.000,00	40.000,00	4314	47904	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
		a administración municipal represente un papel secundario, tanto na elección do tipo de actividades a desenvolver, como na súa posta en práctica e no seu financiamento.										
Premios Innovames	O obxectivo de recoñecer, apoiar e dar visibilidade ás persoas emprendedoras e empresas máis innovadoras e con maior potencial de crecemento en Ames; proxectos con carácter innovador e de gran impacto social, tanto de recente creación como xa consolidadas, que contribúan aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) marcados polas Nacións Unidas, aquelas utilicen as novas tecnoloxías nos seus procesos ou procedementos, así como aquelas que aposten pola globalización.	1) Achegar o mundo da innovación amesan á cidadanía 2) Colaborar como nexo de unión entre a cidadanía e as empresas de innovación 3) O fomento da formación en innovación nos centros de ensino amiense	Empresas de carácter innovador e Colexios do Concello de Ames	2023-2025	10.000,00	10.000,00	10.000,00	4314	47905	Fondos propios con cargo á funcional sinalada	Concurrencia competitiva	
Subvención empresas audiovisual	Fomentar a implantación das empresas do audiovisual no concello de Ames incentivando o consumo no comercio local	Incentivar o consumo no comercio local das empresas do audiovisual	Empresas do audiovisual do Concello de Ames	2023-2026	20.000,00	20.000,00	20.000,00	4314	47901	Fondos propios con cargo á funcional sinalada		
Proxecto Ames AV-LAB	Posta en Marcha dun laboratorio de	Impulsará a profesionais do	Empresas do audiovisual	2023	70.000,00			2411	48900	20% fondos propios e 80%	Concurrencia competitiva	Dentro do proxecto

LIÑA DE SUBVENCIÓN	OBXECTIVOS	EFECTOS PRETENDIDOS	DESTINATARIOS	PRAZO CONSECUCIÓN OBXECTIVOS	CUSTE ANUAL PREVISTO 2023	CUSTE ANUAL PREVISTO 2024	CUSTE ANUAL PREVISTO 2025	ECONÓMICA	FUNCIONAL	FINANCIACIÓN	PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN	Observacións
(Laboratorio Impulso da nova produción audiovisual dende o Concello de Ames) en Colaboración coa Deputación Provincial de A Coruña	aceleración de proxectos audiovisuais que busca impulsar a produción e fomento do talento emerxente dinamizando o sector audiovisual	sector no seu percorrido inicial profesional e creativo a través de procesos de mentorización, formación específica sectorial e bolsas de axuda. Ademais, o proxecto levará a cabo accións de networking con todas as empresas e profesionais do sector asentadas no noso concello para a posta en común de intereses, a visibilización de recursos e profesionais, así como a posibilidade de crear sinerxías entre o tecido produtivo, o talento e as institucións participantes.								fondos da Deputación Provincial		destínanse 70.000€ par unha Bolsa para o desenvolvemento do proxecto
					<b>TOTAL</b>	<b>146.000,00</b>	<b>76.000,00</b>	<b>76.000,00</b>				

O alcalde

José Blas García Piñeiro